

# BANDO

## SOBRE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS NAS EXPLOTACIÓNS

O Concello de Barreiros acordou a posta en marcha do servizo de recollida de plásticos agrícolas nas explotacións, para tratar de facilitar a súa xestión ás mesmas, supoñendo un novo servizo que complementará a posibilidade de depositalos no punto limpo municipal coma ata o de agora.

Para a posta en marcha do servizo, que se prestará dúas veces ao ano, é preciso coñecer de antemán o número de puntos de recollida polo que é necesario anotarse previamente no concello.

A recollida dos plásticos realizarase por empresa especializada cuxo custe asume o concello, sendo polo tanto gratuíto para as explotacións.

Ana Belén Ermida Igrexas, alcaldesa do Concello de Barreiros, INFORMA:

PRIMEIRO.- Prevese a posta en marcha do servizo de recollida de plásticos agrícolas para inicios do mes de maio.

SEGUNDO.- É necesario que as explotacións interesadas neste servizo se **anoten antes do 21 de abril** chamando ao 982.12.40.02, aportando os seguintes datos:

- Nome e documento de identidade da persoa responsable
- Número de teléfono
- Lugar de recollida
- Cantidade aproximada de plásticos

TERCEIRO.- Para a recollida dos plásticos estes deben atoparse nun estado razoable de limpeza, non podendo acumular grandes cantidades de terra ou restos orgánicos. Deben estar debidamente acumulados en sacas ou gavelas amarradas que faciliten o manexo e eviten que se cisquen.

CUARTO.- Con carácter previo á recollida, o persoal municipal encargarse de comprobar o correcto depósito dos mesmos, así como o lugar correcto de recollida.

QUINTO.- Para a recollida na explotación márcase **un mínimo de acumulación duns 3m<sup>3</sup>**.

O que se fai público para coñecemento xeral, en Barreiros a 15 de marzo de 2023.

A alcaldesa,

Ana Belén Ermida Igrexas

